-

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

escola oficial de idiomas Pontevedra

# ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

## DEPARTAMENTO DE ALEMÁN

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2023-2024

# 7. AVANZADO C1.1.

## 7.1. Descrición do nivel

O alumnado que supere o nivel avanzado C1 poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluido e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados.

## 7.2. Obxectivos xerais. Competencias

No nivel C.1.1. iranse incorporando gradualmente os obxectivos xerais que se relacionan a continuación para posteriormente poder acadalos na súa totalidade e dun xeito integral no nivel de certificación C.1.2.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

| COMPETENCIAS DO NIVEL C1 |
|---|
| **Comprender**, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento. |
| **Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa. |
| **Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles. |
| **Producir e coproducir** independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos devanditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e rematando cunha conclusión apropiada, utilizando para iso, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva. |
| **Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibillidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos. |

## 7.3. Obxectivos específicos

| OBXECTIVOS DO NIVEL C1.1 e do C1.2. | |
|---|---|
| No nivel C.1.1. iranse incorporando gradualmente os obxectivos específicos que se relacionan a continuación para posteriormente poder acadalos na súa totalidade e dun xeito integral no nivel de certificación C.1.2. | |
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Comprender,** independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.<br>**Comprender** información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.<br>**Comprender** con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.<br>**Comprender** os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.<br>**Comprender** conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.<br>**Comprender**, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS** | **Facer** declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.<br>**Realizar** presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.<br>**Participar** nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persoa entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.<br>**Participar** en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. |
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Comprender** instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.<br>**Comprender** alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).<br>**Comprender** a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidadee as actitudes ou opinións implícitas.<br>**Comprender** artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver leras seccións difíciles.<br>**Comprender** en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.<br>**Comprender**, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que |

| | |
|---|---|
| | se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.<br>**Comprender** textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS** | **Tomar** notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.<br>**Escribir** correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.<br>**Escribir** correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.<br>**Escribir** informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada. |
| **ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN** | **Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para transmitir oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.<br>**Adaptar** sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.<br>**Levar** a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.<br>**Recoñecer** significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións. |

## 7.4. Competencias e contidos

No nivel C.1.1. iranse incorporando gradualmente as competencias e contidos que se relacionan a continuación para posteriormente poder acadalos na súa totalidade e dun xeito integral no nivel de certificación C.1.2.

| **COMPETENCIAS E CONTIDOS DO NIVEIS C1.1 e C1.2** | |
|---|---|
| **SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS C1.1 e C1.2** | *Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos enmarcaranse nunha perspectiva intercultural.*<br><br>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas. |
| **ESTRATÉXICOS C1.1 e C1.2** | *Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo.*<br><br>***As estratexias de aprendizaxe*** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:<br>**Explicar** o que sabe, como aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.<br>**Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.<br>**Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña…). |

<table>
<tr>
<td></td>
<td>
Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.<br>
Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as…).<br>
Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Relacionar a información nova con coñecementos previos. Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.<br><br>
As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:
<ul>
<li>Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...</li>
<li>Informarse, se hai axudas visuais etc.</li>
<li>Identificar o tipo de texto para adaptalo á audiencia.</li>
<li>Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</li>
<li>Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade…) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías…).</li>
<li>Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta…).</li>
<li>Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.</li>
<li>Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</li>
<li>Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.</li>
<li>Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</li>
</ul>
</td>
</tr>
<tr>
<td>FUNCIONAIS<br><br>C1.1 e C1.2</td>
<td>
Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.<br><br>
Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:<br><br>
Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...<br>
Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...<br>
Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...<br>
Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...<br>
Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...
</td>
</tr>
</table>

| | |
|---|---|
| **DISCURSIVOS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | *Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.*<br>**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**<br>●Anuncios publicitarios complexos retransmitidos<br>●Instrucións e indicacións detalladas<br>●Conversas especializadas<br>●Reunións de traballo con vocabulario específico<br>●Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos<br>●Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...<br>●Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo<br>●Sondaxes e cuestionarios complexos<br>●Audiovisuais<br>●Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas<br>●Cancións<br>●Representacións teatrais<br>●*Podcasts*<br>●Informativos<br>Clases gravadas<br>Páxinas web gobernamentais<br><br>**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**<br>● Correspondencia persoal e profesional especializada<br>● Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos<br>● Instrucións extensas<br>● Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade<br>● Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática<br>● Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoien excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica<br>● Informacións, anuncios e slogans publicitarios<br>● Textos que poidan amosar trazos non normativos<br>● Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral<br>● Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade<br>● Textos ensaísticos |
| **SINTÁCTICOS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | *Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.*<br>*Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:*<br>●Formación de palabras: derivación e composición<br>●Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos<br>●Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso<br>●Correlación temporal na construción de textos orais e escritos<br>●Usos sintácticos complexos<br>●Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde<br>●Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.<br>●Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos |

| | |
|---|---|
| **LÉXICOS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | *Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.*<br><br>*Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.*<br><br>● **Alimentación**: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos derestauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...<br>● **Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...<br>● **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...<br>● **Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas eformas de pagamento...<br>● **Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...<br>● **Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...<br>● **Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...<br>● **Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...<br>● **Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...<br>● **Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...<br>● **Lecer e tempo libre:** xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...<br>● **Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimizade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...<br>● **Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...<br>● **Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:** estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...<br>● **Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...<br>● **Viaxes e estancias no estranxeiro:** turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración eburocráticos durante estadías no estranxeiro...<br>● **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...<br>● **Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais... |

| | |
|---|---|
| **FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS C1.1 e C1.2** | *Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación frecuente (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.*<br><br>*Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.*<br><br>● A énfase<br>● A entoación e os cambios de ton<br>● Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor…)<br>● Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas<br>● Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refráns, poemas...)<br>● A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación<br>● O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas<br>● As convencións de distribución e organización do texto<br>● As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común |

## 7.5. Criterios de Avaliación

No nivel C.1.1. iranse incorporando gradualmente os criterios de avaliación que se relacionan a continuación para posteriormente poder acadalos na súa totalidade e dun xeito integral no nivel de certificación C.1.2.

| AVALIACIÓN DO NIVEL C1 | |
|---|---|
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | **Comprende** o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.<br>**Recoñece**, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.<br>**É capaz** de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.<br>**Recoñece** expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.<br>**Percibe** as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | **Utiliza** o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresaloá situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.<br>**Expresa** o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.<br>**Desenvolve** argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando loxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.<br>**Rebate** os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluida e espontánea.<br>**Exprésase** cun alto grao de corrección de modo consistente.<br>**Domina** un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.<br>**É quen de** iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluida, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.<br>**Expón** preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.<br>**Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.<br>**Produce** un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos). |

| | |
|---|---|
| | **Transmite** de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.<br>**Varía** a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta. |
| **ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | **Comprende** o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.<br>**Identifica** con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ouacadémicos.<br>**Localiza** detalles relevantes en textos extensos e complexos.<br>**Recoñece** a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.<br>**Localiza** a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.<br>**Recoñece** expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.<br>**Comprende**, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.<br>**Comprende** as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital. |
| **ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN E COPRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS**<br><br>**C1.1 e C1.2** | **Escribe** textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.<br>**Redacta** un texto e adáptao á situación requirida.<br>**Presenta** ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.<br>**Utiliza** estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.<br>**Utiliza** as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.<br>**Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.<br>**Produce** un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).<br>**Sabe facer** unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).<br>**Transmite** de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias. |
| **ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN** | **Fai uso** dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.<br>**Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.<br>**Produce** un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).<br>**Sabe citar** as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.<br>**Transmite** de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias<br>**Xestiona** con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión. |

### 7.5.1. Criterios de avaliación mínimos esixibles

Cómpre sinalar que todos os obxectivos e contidos que aparecen nesta programación e neste nivel serán esixidos a un nivel básico.

| Tarefas de expresión, interacción, mediación e comprensión orais |
|---|
| Deberanse desenvolver todos os puntos da tarefa con suficiencia, aínda que o contido sexa ocasionalmente pouco relevante. O rexistro será, en xeral, apropiado aínda que poida presentar vacilacións ocasionais.<br>Expresaranse con suficiente claridade os puntos de vista. Desenvolveranse os argumentos de forma suficientemente clara e precisa. Marcaranse as relacións entre as ideas utilizando unha variedade suficiente de conectores propios do nivel.<br>Terase un control gramatical e léxico suficiente en estruturas propias do nivel.<br>O discurso será suficientemente fluido e natural. Pronuncia e entoación serán suficientemente claras para garantir a comunicación.<br>O léxico será do nivel e suficientemente variado e preciso aínda que con repeticións, vacilacións ou circunloquios ocasionais. As estruturas serán suficientemente variadas, precisas e adecuadas á situación comunicativa.<br>Ademais, na interacción oral, aínda que non se interveña sempre de modo preciso, ofrecerase información suficiente e, en xeral, adaptada ao interlocutor e mostrarase suficientemente activo e espontáneo. Usaranse de maneira suficientemente eficaz as quendas de palabra.<br>Na comprensión oral, dada a tipoloxía da proba e das distintas tarefas, os mínimos esixibles veñen dados polo baremo fixo estipulado.<br>Mediar para dar información oralmente dun texto de maneira precisa e chegar a acordos, aínda que cometa algún erro ocasional. |

| Tarefas de expresión, interacción, mediación e comprensión escritas |
|---|
| Deberanse desenvolver todos os puntos da tarefa con suficiencia, aínda que o contido sexa ocasionalmente pouco relevante. En xeral, axústarase ao tipo de texto e formato requirido e utilizarase un rexistro adecuado ao destinatario, propósito ou situación, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias.<br>O texto ha lerse de maneira suficientemente fluida, aínda que nalgún fragmento presente dificultades na comprensión que se superan cunha lectura máis atenta. A información e as ideas están suficientemente estruturadas en oracións e parágrafos e faise un uso suficientemente adecuado de conectores discursivos e/ou mecanismos de referencialidade propios do nivel, aínda que ocasionalmente poida presentar inconsistencias. O uso dos signos de puntuación é suficientemente adecuado.<br>A tarefa demostrará un control gramatical suficiente das estruturas propias do nivel, aínda que poida presentar erros ocasionais que nalgún momento dificulten lixeiramente a comprensión. Faise un uso suficientemente correcto do vocabulario do nivel, aínda que se presenten erros de ortografía que non dificulten a comprensión.<br>O léxico será propio do nivel, suficientemente variado e preciso, aínda que poida presentar repeticións e circunloquios ocasionais. As estruturas do nivel serán suficientemente variadas e adecuadas á situación comunicativa.<br>Na **comprensión escrita e oral**, dada a tipoloxía da proba e das distintas tarefas, os mínimos esixibles veñen dados polo baremo fixo estipulado.<br>Facer de intermediario para dar información por escrito dun texto de maneira precisa, aínda que cometa algún erro de maneira ocasional. |

## 7.6. Temporalización

Tanto a secuenciación como a temporalización dos contidos enunciados a continuación poden estar suxeitas a modificacións ou adaptación segundo a decisión das coordinacións do curso e sempre que as condicións particulares dos grupos o requiran, de tal xeito que se poida garantir o cumprimento dos obxectivos fixados para o curso e nivel.

### Septembro

| Unidade 1<br>Aussprache | Alltägliches (Aspekte Neu C1, Kapitel 1, Vor dem Start / Auftakt / |
|---|---|
| **Tema** | A vida diaria |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender e usar a variante coloquial do alemán falado<br>-Describir rutinas e sensacións asociadas á vida diaria |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Comprensión escrita global<br>-Comprensión escrita selectiva<br>**Discursivas**<br>-Conversas curtas en linguaxe coloquial<br>**Léxicas**<br>-Actividades cotiás, aburrimento e monotonía, “desconectar” do día a día<br>**Fonético-fonolóxicas e ortotipográficas**<br>-Apócope e contracción de palabras no rexistro coloquial do alemán falado |
| **Actividades** | -Escoitar unha diversidade de fragmentos de conversa para distinguir as variantes de pronunciación estándar e coloquiais<br>-Escoitar unha secuencia de enunciados no rexistro coloquial e entender o seu significado<br>-Escoitar e repetir os enunciados anteriores<br>-Completar as regras que explican as características da pronuncia do rexistro coloquial |
| | -Ensaiar diálogos nas dúas versións estándar e coloquial<br>-Repasar e ampliar o léxico relativo ás actividades cotiás<br>-Aprender xeitos de expresar aburrimento e monotonía<br>-Aprender expresións usadas para falar de fuxir da rutina diaria |

| Unidade 2 | Zeitgefühl (Aspekte Neu C1, Kapitel 1, Modul 1) |
|---|---|
| **Tema** | Percepción subxectiva do tempo |
| **O B X E C T I V O S** | -Coñecer e manexar expresións e xiros relativos ao tempo<br>-Entender unha entrevista escrita sobre a percepción subxectiva do tempo<br>-Explicar os contidos da entrevista nas propias palabras |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Buscar e anotar información sobre temas dados nun texto escrito e explicala nas propias palabras (mediación)<br>-Comprensión lectora selectiva<br>**Discursivas**<br>-Refráns sobre o tempo<br>-Entrevista a experto sobre a percepción subxectiva do tempo nun medio *online*<br>**Sintácticas**<br>-Conectores consecutivos *andernfalls, demnach, folglich, somit, sonst*<br>-Conectores concesivos *außer, es sei denn*<br>**Léxicas**<br>-Compostos coa palabra *Zeit* (tempo); xiros idiomáticos con *Zeit* |
| **-Actividades** | -Escoller unha palabra da familia léxica de *Zeit* para explicala no grupo<br>-Explicar xiros idiomáticos coa palabra *Zeit*<br>-Aprender novos xiros e refráns arredor do concepto de tempo<br>-Ler unha entrevista a un investigador sobre a percepción do tempo publicada nun medio *online* e anotar información sobre temas dados |
| | -Usar notas para expoñer o dito no texto nas propias palabras<br>-Volver ler a entrevista e completar unhas cuestións de "verdadeiro e falso" |

**Outubro**

CONTINUACIÓN UNIDADE 2

| Unidade 3 | Zuletzt online (Aspekte Neu C1, Kapitel 1, Modul 3) |
|---|---|
| **Tema** | TIC: o teléfono móbil e os estilos de vida modernos; a informática como ferramenta de traballo |
| **O B X E C T I V O S** | -Ser quen de describir e explicar o uso que se fai do teléfono móbil<br>-Entender un artigo de actualidade sobre os hábitos de uso do teléfono móbil e os seus efectos no estilo de vida<br>-Informar sobre que informacións das contidas no artigo foron de interese<br>-Entender e resumir unha entrevista radiofónica sobre o papel dos ordenadores como ferramenta de traballo |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-Os hábitos de uso do teléfono móbil como distractor, adicción ao móbil, e como marcan os estilos de vida modernos<br>**Estratéxicas**<br>-Comprensión lectora global<br>-Comprensión lectora selectiva<br>-Comprensión oral selectiva<br>-Comprensión oral detallada<br>**Discursivas**<br>-Artigo de revista sobre o tema do uso do teléfono móbil<br>-Entrevista radiofónica sobre a utilidade dos ordenadores para aforrar tempo e traballo<br>**Sintácticas**<br>-Verbos separables e inseparables compostos con *durch-*, *über-*, *um-*, *unter-*, *wider-*, *wieder-*<br>**Léxicas**<br>-Teléfono móbil<br>-Termos da informática e do Internet |
| **Actividades** | -Discutir no curso os hábitos de uso do teléfono móbil<br>-Aprender terminoloxía específica do uso do teléfono móbil |
| | -Ler un artigo dunha revista e marcar os temas dos que se fala no artigo<br>-Volver ler o artigo e anotar información específica relativa a uns temas marcados<br>-Expoñer coas notas informacións que se atoparon curiosas e interesantes<br>-Escoitar unha entrevista a un experto dunha asociación de consumidores sobre a súa utilidade para aforrar tempo e traballo e responder a unhas cuestións de "verdadeiro e falso"<br>-Volver a escoitar a entrevista e completar un resumo escrito da mesma |

| Unidade 4 | Unser Zuhause (Aspekte Neu C1, Kursbuch, Kapitel 1, Modul 4) |
|---|---|
| **Tema** | Compartir piso (as *WG* alemanas) |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender as recomendacións dunha entrevista radiofónica sobre como superar con éxito un *WG-Casting*<br>-Saber expoñer problemas de convivencia e debater sobre eles; ofrecer unha solución<br>-Saber redactar unha carta de reclamación formal para demandar a reparación de deficiencias e avarías na casa |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-A *Wohngemeinschaft (WG)* e os "castings" para ser aceptado nunha *WG* (*WG-Casting*)<br>**Estratéxicas**<br>-Comprensión oral selectiva<br>-Preparar unha discusión<br>-Seguir un plan para redactar unha carta formal co *layout* e formulacións correctas<br>**Funcionais**<br>-Estruturas usadas en discusións para expresar a existencia dun problema e queixarse, para negar o problema e propor unha solución<br>-Estruturas para describir avarías e deficiencias na casa e facer demandas para a súa reparación (formal)<br>**Discursivas**<br>-Cuestionario para un *WG-Casting*<br>-Entrevista radiofónica sobre o tema das WG e recomendacións para superar con éxito estas entrevistas<br>-Discusión informal sobre problemas de convivencia<br>-Carta formal (carta de reclamación sobre defectos e avarías na casa) |
| | **Léxicas**<br>-Problemas de convivencia<br>-Avarías e defectos na vivenda |

| | |
|---|---|
| **Actividades** | -Falar sobre o comportamento e cualidades que lle esixiría a unha persoa para compartir piso con ela<br>-Elaborar un cuestionario para entrevistar a un candidato a compartir piso con vostede relativo a hábitos persoais, afeccións, animais de compaña, solvencia financeira, etc.<br>-Escoitar unha entrevista radiofónica con recomendacións para superar con éxito os *WG-Castings*<br>-Discutir cales das recomendacións lle parecen máis importantes, ou irrelevantes<br>-Diálogo: simular unha disputa entre membros dunha *WG* por mor do incumprimento das regras de convivencia dalgún deles, e ofrecer unha solución<br>-Falar sobre as deficiencias e avarías na instalación e mobiliario dunha vivenda<br>-Ler dúas cartas de reclamación ao caseiro ou axencia inmobiliaria por causa de deficiencias na Vivenda; despois, escoitar unha conversa e decidir a cal das dúas cartas corresponde<br>-Escribir unha carta de reclamación usando o *layout* e formulacións propias deste tipo de corrrespondencia |

| **Unidade 5** | **Hast du Worte? (Aspekte Neu C1, Kapitel 2, Vor dem Start / Auftakt / Aussprache)** |
|---|---|
| **Tema** | Falar e comunicación |
| **O B X E C T I V O S** | -Usar a acentuación e a separación de sílabas para ser quen de pronunciar palabras longas con grupos consonánticos difíciles<br>-Describir conversas e o uso da linguaxe en diversos rexistros e situacións comunicativas |
| **Competencias e contidos** | **Léxicas**<br>-Palabras dos campos semánticos “falar” e “comunicación”<br>**Fonético-fonolóxicas e ortotipográficas**<br>-Palabras longas con pronuncia difícil (palabras compostas, con agrupación de consoantes de pronuncia difícil e sufixos derivativos diminutivos) |

| | |
|---|---|
| **Actividades** | -Tentar ler palabras difíciles do alemán<br>-Escoitar as palabras e marcar as sílabas acentuadas<br>-Pronunciar as palabras amodo e repetilas aumentando a velocidade para descubrir cales son máis difíciles de pronunciar<br>-Usar a acentuación das palabras e a demarcación clara de sílabas para facilitar a pronunciación desta clase de palabras<br>-Repasar e ampliar o léxico dos campos semánticos “falar” e “comunicación” |

**Novembro**

CONTINUACIÓN UNIDADE 5

| Unidade 6 | Immer erreichbar (Aspekte Neu C1, Kapitel 2, Modul 1) |
|---|---|
| **Tema** | A dispoñibilidade permanente como nova cultura laboral por mor das TIC |
| **OBXECTIVOS** | -Ser quen de falar e opinar sobre o tema da dispoñibilidade por mor das TIC<br>-Ser quen de describir os problemas derivados desta nova cultura do traballo para a vida privada<br>-Entender opinións de expertos sobre o tema da dispoñibilidade permanente por mor das TIC |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-A cultura de traballo da dispoñibilidade permanente por mor das TIC nas sociedades modernas<br>**Estratéxicas**<br>-Anotar informacións de textos orais e escritos para resumir e expoñer a información nas propias palabras (mediación)<br>**Discursivas**<br>-Enquisa na rúa sobre a dispoñibilidade permanente por mor do teléfono móbil<br>-Opinións de expertas en innovación e comunicación sobre o tema da dispoñibilidade permanente por mor das TIC<br>**Sintácticas**<br>-O estilo indirecto |

| | |
|---|---|
| **Actividades** | -Explicación do que significa a expresión *erreichbar sein* e poñer exemplos para presentar o tema da dispoñibilidade permanente por mor das TIC e teléfono móbil<br>-Enquisa no grupo sobre os costumes e prácticas do alumnado relativos ao tema<br>-Escoitar unha enquisa na rúa sobre o tema da dispoñibilidade por mor do teléfono móbil e tomar notas para resumir as opinións da xente<br>-Ler as declaracións de expertas en innovación e comunicación sobre a dispoñibilidade permanente como nova cultura laboral por mor das TIC e anotar palabras clave para facer un resumo oral<br>-Debater no grupo unha serie de propostas relativas ao tema da dispoñibilidade permanente e as TIC |

| **Unidade 7** | **Gib Contra! (Aspekte Neu C1, Kapitel 2, Modul 2)** |
|---|---|
| **Tema** | Uso da linguaxe para defenderse de acoso e agresións psicolóxicas |
| **OBXECTIVOS** | -Coñecer xiros e expresións sobre o comportamento verbal agresivo<br>-Entender unha entrevista sobre o uso da linguaxe como “arma de autodefensa” fronte ás agresións verbais<br>-Aprender sobre a existencia de distintos tipos de estratexias defensivas para facer fronte a estas agresións |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Comprensión oral selectiva<br>**Discursivas**<br>-Entrevista radiofónica sobre agresións verbais e estratexias para defenderse<br>**Léxicas**<br>-Xiros e expresións para describir conflitos, agresións verbais e malas intencións |
| **Actividades** | -Aprender xiros e expresións relacionados coa agresividade verbal<br>-Aprender expresións para describir agresións verbais, situacións de marxinalización e facer fronte a agresións<br>-Aclaración no grupo do significado dos termos *schlagfertig* e *Schlagfertigkeit* e a súa relación co uso da linguaxe como “arma de autodefensa”<br>-Escoitar unha entrevista a un “coach de comunicación” sobre o uso de estratexias verbais para defenderse de burlas e acoso<br>-Escoitar de novo un fragmento da entrevista sobre as diversas clases de estratexias defensivas |
| | -Describir as situacións representadas nunha serie de imaxes, e valorar o comportamento das persoas<br>-Explicar cales das estratexias defensivas expostas na entrevista usaría nestas situacións |

## Decembro

| Unidade 8 | Sprachen lernen (Aspekte Neu C1, Kapitel 2, Modul 3) |
|---|---|
| **Tema** | Aprender linguas |
| **OBXECTIVOS** | -Entender un texto sobre adquisición e aprendizaxe de linguas en nenos e adultos<br>-Comprender as diferencias de expresión da información no *Nominalstil* con respecto ao *Verbalstil* como características do rexistro formal da lingua<br>-Ser quen de entender e empregar o *Nominalstil* |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Tomar notas dun texto para extraer información relevante e explicar esta nas propias palabras (mediación)<br>**Discursivas**<br>-Texto informativo en linguaxe formal e estilo nominal sobre aprendizaxe e adquisición da linguaxe<br>-Comentarios ao texto producidos polos alumnos<br>-Versión simplificada do texto informativo con léxico sinxelo e estilo verbal<br>**Sintácticas**<br>-O *Nominalstil*<br>**Léxicas**-Adquisición e aprendizaxe de linguas |
| **Actividades** | -Facer unha posta en común sobre como, cando, onde e para que se aprenden linguas, diferenciando a lingua materna das linguas estranxeiras<br>-Ler un texto informativo (sen as burbullas) sobre a adquisición da linguaxe nos nenos e a aprendizaxe de linguas por adultos, e tomar notas sobre información interesante<br>-Escribir pequenos comentarios sobre a información adquirida comparándoa coa experiencia persoal ou ideas previas sobre a aprendizaxe da lingua<br>-Volver ler o texto coas burbullas e comparalo cos comentarios producidos para introducir o tema das diferencias entre o estilo verbal e o nominal |

| Unidade 9 | Sag mal was! (Aspekte Neu C1, Kursbuch, Kapitel 2, Modul 4) |
|---|---|
| **Tema** | Dialectos do alemán |
| **O<br>B<br>X<br>E<br>C<br>T<br>I<br>V<br>O<br>S** | -Coñecer os dialectos do alemán<br>-Entender informacións orais sobre os dialectos do alemán e explicar circunstancias relativas ao seu ámbito de uso e o status social tradicionalmente asociado aos mesmos<br>-Entender un texto sobre a popularidade actual dos dialectos do alemán<br>-Comentar a información interesante contida no texto<br>-Debater sobre a necesidade de manter vivos os dialectos do alemán<br>-Aprender a escribir unha carta ao director sobre o tema dos dialectos do alemán |
| **Competencias<br>e<br>contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-A diversidade lingüística en Alemaña: dialectos<br>**Estratéxicas**<br>-Informar sobre o dito en textos orais e escritos sobre os dialectos do alemán a partir de notas (mediación)<br>-Comprensión de lectura selectiva<br>-Escribir unha carta formal (carta ao director) seguindo un plan para elaborala<br>**Funcionais**<br>-Estruturas usadas nun debate formal para expresar a propia opinión, argumentar, expresar acordo ou desacordo cunha afirmación<br>**Discursivas**<br>-Artigo de prensa sobre dialectos do alemán<br>-Debate formal<br>-Carta formal (carta ao director) |
| **Actividades** | -Comparar a situación de diversidade lingüística de España coa de Alemaña e definir as similitudes e diferencias<br>-Escoitar distintos exemplos de dialectos do alemán e identificar as rexións onde se falan<br>-Volver escoitar os textos e anotar información sobre os ámbitos sociais nos que se empregan, así como sobre o seu posible vínculo co status social do falante<br>-Usar as notas para explicar a situación dos dialectos do alemán (mediación)<br>-Ler un artigo dunha revista sobre a recente popularidade dos dialectos alemáns e marcar a resposta correcta nunhas cuestións de selección múltiple<br>-Volver ler o artigo e anotar información interesante sobre o tema en follas. Intercambiar as follas cos compañeiros do grupo, que len as anotacións e as comentan<br>-Debater no grupo sobre o tema "Os dialectos forman parte da cultura e deben conservarse" (estruturas) |
| | -Ler textos informativos sobre os dialectos; escoller un deles e redactar unha carta ao director na que dan a súa opinión sobre o texto |

**Xaneiro**

| Unidade 10 Aussprache | An die Arbeit! (Aspekte Neu C1, Kapitel 3, Vor dem Start / Auftakt / |
|---|---|
| **Tema** | O mundo laboral: traballos, profesións e empresas |
| **O B X E C T I V O S** | -Identificar e expresar emocións diversas mediante a entoación e interxeccións axeitadas<br>-Ampliar o léxico relativo a profesións e o mundo do traballo<br>-Entender ofertas de emprego e identificar o tipo de empresas que fan a demanda<br>-Entender descricións orais de traballos onde se fala dos requisitos e responsabilidades requiridas |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Comprensión lectora detallada (ler entre liñas)<br>-Comprensión oral selectiva<br>-Tomar notas de textos orais coa información requirida e expoñela (mediación)<br>**Discursivas**<br>-Ofertas de emprego<br>-Descricións de traballos<br>**Léxicas**<br>-Interxeccións *ah!*, *aha!*, *soso!*, *achso!*, *jaja!* e *oh!*<br>-Léxico de profesións e actividades laborais<br>-Funcionamento dunha empresa<br>**Fonético-fonolóxicas e ortotipográficas**<br>-Entoación e emocións reforzadas con interxeccións |
| **Actividades** | -Escoitar pequenos diálogos e identificar as emocións expresadas no ton de voz e as interxeccións *ah!*, *aha!*, *soso!* e *achso!*<br>-Escoitar e repetir os diálogos anteriores en parella<br>-Escoitar exclamacións con a*h!*, *jaja!* e *oh!* e marcar as emocións que expresan<br>-Escoitar e repetir as exclamacións anteriores<br>-Repasar e ampliar léxico das profesións e do mundo laboral<br>-Aprender léxico do funcionamento dunha empresa<br>-Ler ofertas de emprego e tentar de descubrir a que ramo pertencen as empresas e que profesionais demandan<br>-Escoitar descricións de ocupacións laborais e as cualificacións que se esixen nelas |

| Unidade 11 | Ein bunter Lebenslauf (Aspekte Neu C1, Kapitel 3, Modul 1) |
|---|---|
| **Tema** | Solicitudes de emprego |
| **OBXECTIVOS** | -Entender un texto informativo sobre criterios de selección dos departamentos de recursos humanos<br>-Explicar nas propias palabras os criterios dos departamentos e o motivo dos mesmos<br>-Entender unha entrevista sobre consellos para elaborar cartas de presentación e currículos<br>-Ser quen de redactar unha carta de presentación para unha entrevista laboral |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Comprensión lectora selectiva: tomar notas para extraer información requirida<br>-Usar as notas para expoñer a información requirida (mediación)<br>-Comprensión oral selectiva: completar un cuestionario marcando as informacións correctas<br>-Id.: escoitar un texto e anotar as respostas correctas a un cuestionario<br>-Escribir unha carta de presentación seguindo un plano de redacción<br>**Discursivas**<br>-Texto informativo sobre a redacción dun curriculum vitae<br>-Entrevista radiofónica a un xefe de persoal sobre a elaboración de currículos<br>-Carta de presentación para unha entrevista de traballo<br>**Sintácticas**<br>-Oracións completivas de suxeito e complemento directo |
| **Actividades** | -Ler un texto informativo sobre criterios de selección dos departamentos de recursos humanos<br>-Escoitar unha entrevista a un xefe de persoal con consellos para elaborar cartas de presentación e currículos<br>-Escribir unha carta de presentación para un posto como profesor de español, seguindo un modelo e un plano de redacción |

**Febreiro**

CONTINUACIÓN UNIDADE 11

| Unidade 12 | Multitasking (Aspekte Neu C1, Kapitel 3, Modul 3) |
|---|---|
| **Tema** | Traballo e condicións óptimas para realizar tarefas satisfactoriamente |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender un artigo de divulgación científica sobre "multitasking" (facer varias cousas á vez)<br>-Resumir e explicar nas propias palabras o contido do artigo<br>-Entender e explicar refráns alemáns sobre as présas no traballo<br>-Discutir sobre as conclusións para a mellora do propio rendemento laboral do artigo sobre "multitasking" |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticos**<br>-Refrans alemáns sobre as présas no traballo<br>**Estratéxicas**<br>-Tomar notas para mediación oral<br>**Funcionais**<br>-Estruturas para reproducir a información contida nun texto (mediación)<br>-Formular recomendacións<br>**Discursivas**<br>-Texto periodístico de divulgación científica<br>-Refráns alemáns<br>**Sintácticas**<br>-Oracións de relativo con *was* e *wo(r) + Präposition*<br>**Léxicas**<br>-Termos da psicoloxía e da neuroloxía |
| **Actividades** | -Falar sobre os propios hábitos de traballo<br>-Ler un artigo de divulgación científica sobre "multitasking"<br>-Resumir e explicar oralmente a información contida no artigo<br>-Ler e interpretar refráns alemáns sobre as présas no traballo<br>-Falar sobre as conclusións do artigo no canto aos efectos na calidade do traballo do "multitasking" |

| Unidade 13 | *Soft Skills* (Aspekte Neu C1, Kapitel 3, Modul 4) |
|---|---|
| **Tema** | Cualificacións esixidas aos aspirantes a un posto de traballo no mundo laboral actual |
| **O B X E C T I V O S** | -Ser quen de entender as cualificacións esixidas, ou "soft skills", para un posto nas ofertas de emprego<br>-Entender unha entrevista radiofónica sobre o tema das "soft skills"<br>-Entender un texto informativo sobre a preparación profesional para entrevistas de traballo<br>-Explicar a información contida nun texto informativo sobre a preparación profesional para entrevistas de traballo<br>-Coñecer e comparar as metodoloxías de recrutamento de persoal en Alemaña<br>-Escribir un artigo explicativo breve sobre as "soft skills"<br>-Preparar e realizar unha exposición oral curta sobre algún tema relativo ás circunstancias actuais do mundo laboral |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-O sistema de recrutamento de recursos humanos nas grandes empresas en Alemaña (*Assessment Centers*)<br>-Preparación para entrevistas persoais e procesos de selección laboral ("coaching" para entrevistas de traballo)<br>**Estratéxicas**<br>-Tomar notas escritas de textos orais<br>-Comprensión global e detallada de textos escritos<br>-Explicar nas propias palabras a información contida nun texto sobre "coaching" para entrevistas de traballo e o funcionamento dos *Assessment Centers* (mediación)<br>-Planificar e revisar unha produción escrita<br>-Preparar e executar unha exposición oral breve<br>**Discursivas**<br>-Entrevista radiofónica<br>-Guías sobre o tema preparación para entrevistas de traballo<br>-Estrutura dunha exposición oral<br>**Léxicas**<br>-Léxico relativo a cualidades persoais, sociais e profesionais nas ofertas de emprego ("soft skills") |
| **Actividades** | -Describir e interpretar oralmente unha imaxe<br>-Analizar a estrutura lexical da terminoloxía moderna descritiva de cualidades requiridas no mercado laboral actual<br>-Escoitar unha entrevista radiofónica sobre as "soft skills"<br>-Ler dous textos sobre preparación para entrevistas de traballo e selección de persoal<br>-Explicar a información contida nos dous textos sobre preparación para entrevistas de traballo e selección de persoal |

| | |
|---|---|
| | -Escribir un breve artigo sobre "soft skills" e revisalo<br>-Preparar e realizar unha exposición curta sobre diversos aspectos do mundo do traballo actual |

## Marzo

| **Unidade 14** | **Wirtschaftsgipfel (Aspekte Neu C1, Kapitel 4, Vor dem Start / Auftakt / Aussprache)** |
|---|---|
| **Tema** | Economía, finanzas e comercio |
| **O B X E C T I V O S** | -Coñecer o léxico e os conceptos fundamentais da economía moderna<br>-Ser quen de desprazar partes da oración e empregar a entoación apropiada para dar énfase a unha información |
| **Competencias e contidos** | **Sintácticas**<br>-Énfase e estrutura tópico-comentario para resaltar partes da oración<br>**Léxicas**<br>-Termos da economía, das finanzas e do comercio<br>**Fonético-fonolóxicas e ortotipográficas**<br>-Entoación e modificación de estruturas sintácticas para enfatizar información nas oracións |
| **Actividades** | -Exercicios de aprendizaxe do léxico da economía<br>-Xogo de taboleiro con preguntas e respostas sobre temas económicos<br>-Exercicios de pronunciación |

| Unidade 15 | Vom Kohlenpott… (Aspekte Neu C1, Kapitel 4, Modul 1) |
|---|---|
| **Tema** | Industria |
| **OBXECTIVOS** | -Entender unha conferencia sobre procesos económicos e de desenvolvemento industrial na zona do Ruhr<br>-Entender un texto sobre a rexión Rin-Meno |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-As rexións industriais alemás<br>**Estratéxicas**<br>-Comprensión detallada<br>-Tomar notas sobre información relevante nunha exposición oral<br>-Usar notas e imaxes nunha presentación<br>**Discursivas**<br>-Conferencia<br>**Sintácticas**<br>-Repaso dos tempos do *Präteritum* e *Plusquamperfekt*<br>-Repaso dos conectores e oracións temporais do alemán<br>-Transformación de oracións temporais en sintagmas preposicionais (nominalización)<br>**Léxicas**<br>-Léxico sobre actividades industriais |
| **Actividades** | -Escoitar unha conferencia sobre unha rexión industrial de Alemaña<br>-Ler un texto sobre a descuberta e historia do carbón<br>-Ler un texto sobre a rexión Rin-Meno |

| Unidade 16 | Die Welt ist ein Dorf (Aspekte Neu C1, Kapitel 4, Modul 3) |
|---|---|
| **Tema** | Economía e o fenómeno da globalización |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender explicacións relativas a fenómenos económicos en entrevistas radiofónicas<br>-Saber definir conceptos e ideas<br>-Entender a información esencial sobre fenómenos económicos contida en textos escritos e ser quen de explicarllelos a outras persoas |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-O fenómeno da globalización económica<br>**Estratéxicas**<br>-Comprensión global e detallada<br>-Explicar nas propias palabras conceptos descritos nunha entrevista radiofónica (mediación)<br>-Extraer e resumir a información relevante de entradas de blog para expoñela nas propias palabras (mediación)<br>-Facer notas sobre información relevante en textos orais e escritos<br>**Funcionais**<br>-Estruturas para definir conceptos e fenómenos<br>**Discursivas**<br>-Entrevista radiofónica<br>-Entradas de blogs<br>**Sintácticas**<br>-Repaso dos conectores e oracións causais e modais<br>-Transformación de oracións causais e modais a sintagmas preposicionais (nominalización)<br>**Léxicas**<br>-Economía, comercio e servizos |
| **Actividades** | -Escoitar unha entrevista radiofónica sobre a globalización<br>-Definir o fenómeno da globalización<br>-Ler dous textos sobre a globalización e resumilo para transferir a información relevante a un compañeiro |

| Unidade 17 | Wer soll das bezahlen? (Aspekte Neu C1, Kapitel 4, Modul 4) |
|---|---|
| **Tema** | Obtención de capital para financiar proxectos |
| **OBXECTIVOS** | -Entender e explicar conceptos básicos de finanzas<br>-Comprender textos explicativos sobre "crowdfunding"<br>-Comprender a información contida nun proxecto nunha plataforma de *crowdfunding*<br>-Entender unha conferencia sobre como negociar financiamento para un proxecto empresarial cun banco<br>-Escribir unha carta formal de agradecemento |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-"Crowdfunding"<br>-Negociacións cos bancos para obter financiamento para proxectos empresariais<br>**Estratéxicas**<br>-Comprensión global; resumir nunha frase o tema dun texto informativo<br>-Facer notas sobre os puntos principais expostos nunha conferencia<br>**Discursivas**<br>-Texto informativo sobre "crowdfunding"<br>-Descrición dun proxecto nunha plataforma de "crowdfunding"<br>-Conferencia sobre a obtención de financiamento para ideas de negocios nos bancos<br>-Carta formal de agradecemento (correo electrónico)<br>**Léxicas**<br>-Léxico financeiro, crédito e capitalización de ideas de negocio |
| **Actividades** | -Ler definicións de termos financeiros<br>-Definir e explicar termos financeiros<br>-Ler un texto sobre "crowdfunding" e explicar o contido<br>-Ler a descrición dun proxecto nunha plataforma de "crowdfunding"<br>-Escoitar unha conferencia sobre como negociar cos bancos para obter capital para un proxecto empresarial<br>-Redactar unha carta formal de agradecemento (correo electrónico) |

**Abril**

CONTINUACIÓN UNIDADE 17

| **Unidade 18** | **Vernetzt (Aspekte Neu C1, Kapitel 5, Modul 1)** |
|---|---|
| **Tema** | TIC e redes sociais |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender un texto escrito sobre os aspectos positivos e negativos das redes sociais<br>-Escribir unha carta ao director coa propia opinión razoada sobre os aspectos positivos e negativos das redes sociais<br>-Facer recomendacións sobre un uso seguro das redes sociais para presentar na clase |
| **Competencias e contidos** | **Estratéxicas**<br>-Como redactar unha carta ao director<br>**Funcionais**<br>-Estruturas para expresar coincidencia o discrepancia cunha opinión<br>-Estruturas para expresar a propia opinión<br>-Estruturas argumentativas para comparar vantaxes e desvantaxes dalgo<br>**Discursivas**<br>-Entrevista escrita<br>-Carta ao director<br>**Sintácticas**<br>-Transformación de oracións consecutivas negativas en construcións con *zu ... um zu* e *zu ... als dass*<br>**Léxicas**<br>-TIC e redes sociais |
| **Actividades** | -Facer unha enquisa entre o alumnado sobre o seu uso de redes sociais<br>-Ler opinións sobre as redes sociais para explicalas nas propias palabras e comentalas<br>-Ler unha entrevista a un experto sobre as redes sociais<br>-Elaborar recomendacións sobre un uso seguro das redes sociais para presentar na clase<br>-Escribir unha carta ao director sobre a entrevista |

## Maio

| Unidade 19 | Ab morgen! (Aspekte Neu C1, Kapitel 5, Modul 3) |
|---|---|
| **Tema** | Facer o propósito de cambiar malos hábitos |
| **OBXECTIVOS** | -Entender un artigo sobre propósitos de aninovo<br>-Discutir se é difícil cumprir os bos propósitos e facer recomendacións e dar consellos sobre como cambiar malos hábitos<br>-Escribir un correo electrónico de resposta facendo recomendacións para mellorar hábitos de vida<br>-Entender unha enquisa na rúa sobre o tema dos bos propósitos |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-Os propósitos de aninovo<br>**Funcionais**<br>-Estruturas para dar consellos e facer suxestións<br>**Discursivas**<br>-Artigo de prensa<br>-Correo electrónico privado<br>-Enquisa<br>**Sintácticas**<br>-Repaso das oracións concesivas e finais<br>-Transformación de oracións concesivas e finais en sintagmas preposicionais (nominalización)<br>**Léxicas**<br>-Formulación de intencións e propósitos, realización de intencións |
| **Actividades** | -Enquisa: que son os típicos bos propósitos que se fan en aninovo<br>-Discutir se é difícil cumprir os bos propósitos e cambiar malos hábitos<br>-Ler un artigo sobre os bos propósitos<br>-Escribir un correo electrónico de resposta a un amigo que solicita consellos para cambiar malos hábitos<br>-Discutir consellos para lograr cumprir o abandono de malos hábitos<br>-Escoitar unha enquisa na rúa sobre o tema dos bos propósitos |

| Unidade 20 | Ehrenamtlich (Aspekte Neu C1, Kapitel 5, Modul 4) |
|---|---|
| **Tema** | Voluntariado |
| **O B X E C T I V O S** | -Entender un artigo sobre voluntariado en Alemaña<br>-Expoñer oralmente temas relacionados co voluntariado<br>-Redactar un texto sobre voluntariado<br>-Pronunciar correctamente as vogais tónicas en comezo de sílaba das palabras alemás (*Knacklaut*) |
| **Competencias e contidos** | **Socioculturais e sociolingüísticas**<br>-O papel social do voluntariado en Alemaña<br>**Discursivas**<br>-Artigo de prensa sobre o voluntariado en Alemaña<br>-Redacción sobre voluntariado<br>**Estratéxicas**<br>-Facer unha redacción sobre voluntariado<br>**Funcionais**<br>-Estruturas para redactar unha redacción sobre voluntariado<br>**Fonético-fonolóxicas e ortotipográficas**<br>-*Knacklaut* (oclusión glotal) |
| **Actividades** | -Describir unha caricatura sobre o voluntariado<br>-Ler un artigo de prensa sobre o voluntariado nos países de fala alemá e o seu papel na sociedade<br>-Resumir oralmente o texto nas propias palabras (mediación)<br>-Comparar a realidade do voluntariado en Alemaña e España<br>-Facer unha presentación en clase dun tema relacionado co voluntariado<br>-Escribir unha redacción sobre o papel do voluntariado na sociedade actual<br>-Practicar a pronuncia de palabras alemás con Knacklaut (oclusión glotal): Auto, Ehre, bearbeiten, etc. |

## 7.7. Recursos de aprendizaxe para o nivel

### 7.7.1. Bibliografía

<u>Libros de texto</u>

*ASPEKTE* neu *C1*, Lehrbuch + Arbeitsbuch Teil 1, Ed. Klett-Langenscheidt ISBN 9783126050371

<u>Materiais complementarios recomendados</u>

DICCIONARIO MONOLINGÜE „DEUTSCH ALS FREMDSPRACHE“, Editorial Langenscheidt ISBN 3-468-49028-3

DEUTSCH ÜBEN BAND 3 / 4 “WEG MIT DEN TYPISCHEN FEHLERN”, Editorial Hueber, ISBN 007451-8

DEUTSCH ÜBEN BAND 5 / 6 „SAG’S BESSER“, Editorial Hueber, ISBN 007453-5

VERBOS ALEMANES. DICCIONARIO DE CONJUGACIÓN Y COMPLEMENTACIÓN, de Braucek, B. / Castell, A. Ed. Idiomas, 2002, ISBN 84-8141-025-X

### 7.7.2. Recursos didácticos achegados polo profesorado

Ao longo do curso o profesorado achegará así mesmo materiais axeitados ao desenvolvemento das actividades de ensino - aprendizaxe co obxectivo de repasar contidos, profundar neles, presentar novos contidos etc.

Os materiais extra poden consistir en:

- follas de exercicios ben elaboradas polo profesor, ben fotocopiadas doutros manuais
- *tests* de repaso
- películas e anuncios publicitarios en soporte audiovisual
- cancións
- poemas e adiviñas
- apoio xeral e diversificado por medio de Internet, etc.

### 7.7.3. Materiais elaborados polo alumnado

Ademais de redaccións, os alumnos tamén elaborarán outros tipos de textos como guións con preguntas para entrevistas na clase, contos, textos publicitarios, etc.

En consonancia coa metodoloxía de aprendizaxe por tarefas e a través da acción postulada no MECRL, o alumnado poderá tamén elaborar no marco de proxectos murais e carteis para colgar na aula, guións para entrevistas na clase ou similares.

### 7.7.4. Uso das TIC

Facilitarase ao alumnado información sobre ligazóns a páxinas de Internet destinadas á autoaprendizaxe e *tests* (por exemplo na páxina do Instituto Goethe); información sociocultural sobre os países de fala alemá (páxinas específicas dedicadas por exemplo a cociña, festas e tradicións, etc.; publicacións periódicas *online* e as principais emisoras de televisión e radio en Internet). O profesorado asistirá os alumnos no acceso e utilización destas páxinas.